

A PROTECCIÓN DE DATOS

**1ª REVISTA MENSUAL DE
PROTECCIÓN DE DATOS E PERIGOS NA REDE
FEBREIRO DE 2018**





A protección de datos persoais supón, hoxe en día, un dos grandes retos que se presenta á comunidade educativa tendo en conta a cada vez maior relevancia e uso das novas tecnoloxías, polo que se fai preciso abordar a cuestión desde unha perspectiva global e coa implicación de todos os membros da comunidade educativa.

Qué di a normativa?

A norma de referencia en materia de protección de datos de carácter persoal é a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, que ten por obxecto garantir e protexer, no que concirne ao tratamento dos datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente do seu honor e intimidade persoal e familiar .

E no ámbito educativo?

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal define, no seu artigo 3, “dato de carácter persoal” como “calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables”.


Isto inclúe, no ámbito educativo, o nome e apelidos do alumnado, teléfono, residencia, cualificacións, datos de ausencias xustificadas ou inxustificadas, fotografía (imaxe persoal) etc.

Non podemos esquecer que, dentro do sistema educativo, trátanse tamén datos relativos aos proxenitores e ao entorno familiar amplo do alumnado, aos profesionais que prestan servizos no ámbito educativo (profesorado, persoal non docente...), e mesmo a outras persoas que inciden accidentalmente na vida escolar, como conferenciantes externos, visitantes incidentais etc .

E sobre todo, o que máis protexe é . . .

O artigo 7 da devandita Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, establece unha serie de datos especialmente protexidos, por afectar a esferas íntimas do individuo, que contan, por este motivo, cunha protección máis intensa. Entre estes datos de especial protección inclúense:

- Os que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión e crenzas.
- Os que fagan referencia á orixe racial, á saúde e á vida sexual.
- Os relativos a infraccións penais ou administrativas.



Formulario de Información Familiar. O formulario está dividido en dúas seccións principais: Padre e Madre. Cada sección contén campos para: Nome, Dirección, Teléfono, Profesión, Empresa e Dirección de Empresa. Os campos de Dirección e Teléfono están agrupados xunto, así como os de Profesión e Empresa.

Algúns dos datos manexados habitualmente nos contornos educativos que deben ser obxecto desta especial protección son:

- Datos referentes á saúde do alumnado (intolerancias alimenticias, alerxias, problemas de saúde, datos psicolóxicos contidos no informe psicopedagóxico etc).
- Datos relativos ao grao de minusvalía do alumnado ou dalgún dos proxenitores, datos relativos á orixe racial etc.

Qué dereitos de protección de datos temos?

Dereito de acceso: consiste no dereito a solicitar e obter gratuitamente información dos seus datos persoais sometidos a tratamento, a orixe dos mesmos (é dicir, como se obtiveron estes datos), así como as comunicacións realizadas ou que se prevé facer deles.

- Dereito de rectificación: consiste no dereito das persoas afectadas a que se modifiquen os datos que resulten ser inexactos ou incompletos.
- Dereito de cancelación: consiste no dereito das persoas afectadas a que se supriman os datos que resulten ser inexactos ou incompletos.

Neste punto é importante destacar que a cancelación, cando resulte procedente, non implica a eliminación dos datos de carácter persoal, senón o seu bloqueo, de xeito que non se poida acceder aos datos, conservándose a disposición das administracións públicas, xulgados e tribunais para atender as posibles responsabilidades xurdidas do tratamento, durante o prazo de prescrición destas.



- Dereito de oposición: consiste no dereito das persoas afectadas a que non se leve a cabo o tratamento dos seus datos persoais ou se cese no tratamento en diversos supostos

Como podemos exercer esos dereitos?

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición exerceranse sempre ante o responsable do ficheiro, que procederá ao solicitado ou responderá motivadamente no prazo sinalado pola normativa en materia de protección de datos.

A cidadanía pode presentar a solicitude destes dereitos ante o responsable do tratamento, é dicir, no propio centro educativo público, que deberá remitila á maior brevidade e sempre nos tres días seguintes á súa recepción, á Secretaría Xeral Técnica da Consellería, por ser esta a responsable do ficheiro, xa que o prazo de resolución sobre o exercicio dos dereitos é moi breve.

Se ben das persoas afectadas poden presentar as súas solicitudes por calquera medio, incluído o correo electrónico, é necesario que se identifiquen correctamente para poder facer efectivo o dereito solicitado. Esta identificación pode facerse mediante certificado dixital, DNI electrónico, copia cotexada do DNI etc.

Como protexer os meus datos persoais na web?

O primeiro: só navega por sitios seguros. Adopta hábitos diarios de navegación que inclúan estes detalles: Buscadores. Aínda que Google sexa o buscador por excelencia, proba opcións que non rexistran a navegación, como DuckDuckGo. Navegación incógnita. Podes facelo coa maioría dos buscadores, co que evitas que se almacenen os teus datos nas cookies e o historial. Borrar historial. Podes eliminalo en conxunto coas cookies cada vez que pechas o navegador. Contraseñais seguros.



Utiliza números, símbolos, maiúsculas e minúsculas e nunca teñas a mesma combinación en todas as túas contas. Servizos de mensaxería. Ten coidado coa información que compartes nestas plataformas, porque non adoitan ofrecer unha privacidade adecuada. Coidados extra nas redes sociais Non basta con modificar as opcións de privacidade na túa Facebook ou Twitter. Lembra que se non tomas medidas, serás un branco fácil dos estafadores ou ciber bullers. Isto é o que podes facer para protexer os teus datos persoais nas redes sociais: Configuración do

perfil. A menos que sexa estritamente necesario facelo público, asegúrate de que o teu perfil sexa privado. No caso de que necesites que sexa público (por exemplo se tes un negocio), utiliza unha conta para a túa información persoal e outra para aquilo que poidas compartir sen riscos. Información compartida. Analiza moi ben a información e imaxes que publicas. Aínda que configurases as túas contas para que só as persoas coñecidas poidan acceder a ela, é moi sinxelo que se filtren datos. Por isto, non compartas a túa dirección, datos persoais, bancarios, ou número telefónico de domicilio. Mensaxes privadas.

Aínda que pareza que estes chats son seguros, xamais envías contrasinais, datos bancarios e ningunha información comprometedor. Todo isto pode ser utilizado para levar a algún dos tipos de phishing. No caso de que che chegue un link a través do perfil dalgunha empresa ou entidade bancaria no que se che soliciten datos persoais, baixo ningunha instancia déalo. Contactos seguros. Antes de aceptar algún seguidor ou solicitude de amizade, verifica se realmente coñeces á persoa, algo que podes comprobar en moitos casos polos contactos en común. Se un mesmo contacto enviache outra solicitude cun perfil distinto, comproba por outra vía que é a mesma persoa antes de aceptar. Historial de procura. Asegúrate de borrarlo, do mesmo xeito que o fas no teu navegador cos motores de procura. Calquera medida preventiva extra que protexa os teus patróns de comportamento nas redes, será útil para evitar non só o contacto de usuarios malintencionados, senón tamén de virus e spywares, entre outros riscos.



XoseManuelAgudo